



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



galicia

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CRTVG, S.A
E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA
MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo, **DECLARA:**

Que a Corporación Radio e Televisión de Galicia ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue catro anos, prorrogables, para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares do alumnado da Universidade da Coruña.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

-Establecer os mecanismos de colaboración entre a CRTVG e a UDC para posibilitar que o alumnado das titulacións impartidas na Universidade da Coruña (en diante, a UDC) faga prácticas externas dentro dos programas de cooperación educativa promovidos pola CRTVG.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- As prácticas poden ser curriculares e extracurriculares.
- Poderán beneficiarse das prácticas alumnado da UDC matriculado nas titulacións oficiais de grao ou de mestrado universitario que cumpra cos requisitos establecidos; e alumnado doutras universidades españolas ou estranxeiras que estea a realizar estadias



de estudo na UDC en programas de mobilidade académica ou por medio de convenios bilaterais, sempre que as normas que regulen eses programas e convenios ou os regulamentos internos de aplicación non dispoñan outra cousa.

-O alumnado que se acolla a este programa disporá dunha titoría académica e outra profesional. A persoa que exerza como titora académica será designada polo centro da UDC en que curse os seus estudos entre o seu profesorado, mentres que a que exerza como titora profesional, con competencias profesionais na área, será designada pola CRTVG.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 7 de agosto de 2020.